

## HISTORIA DA LINGUA GALEGA (III)

### SÉCULO XIX

Ao longo do século XIX circula por Europa un movemento de carácter cultural denominado Romanticismo, este exaltaba as linguas e os valores propios de cada pobo. A Galiza tamén chegou a súa influencia e é por isto que neste século xorde un período de exaltación da identidade galega denominado Rexurdimento.

A continuación aparecen aqueles feitos máis relevantes con respecto á lingua galega do século XIX, o século do Rexurdimento:

- Comezos do XIX: neste momento prodúcese a Guerra da Independencia, enfrontamento da península contra a invasión francesa por parte de Napoleón. Co obxectivo de captar as clases populares galegas para o enfrontamento cos franceses, escribíranse textos de carácter político na nosa lingua.
- Ao longo do século vaise xestando o galeguismo, primeiro co movemento político do Provincialismo e despois co Rexionalismo. Deféndese o autogoberno de Galiza e reivindicase a promoción e o uso do noso idioma.
- Medios do século: o galego recupera a categoría de lingua literaria a través da obra de Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Eduardo Pondal.
- Último terzo do século: xorde a preocupación polo estudo do galego, de feito, aparece a primeira gramática da nosa lingua (*Gramática Gallega* de Saco y Arce, do 1868).

A pesar de todo o dito anteriormente, aumenta o proceso de penetración do castelán na sociedade galega debido a:

- A prensa periódica está escrita nesta lingua.
- Apróbanse leis que imponen o castelán tanto no ámbito da educación como no da administración.
- Establécese unha burguesía comercial de orixe foránea, concretamente catalá, que se dedica á industria conserveira.
- Prodúcese a emigración transoceánica, as persoas que regresan fano falando castelán.

Isto supón que o galego mantense como a lingua oral da maior parte dos e das galegas, pero as clases altas son monolingües en castelán, e na clase media urbana aumenta o número de persoas bilingües e monolingües neste idioma. Polo tanto, segue aumentando a diglosia (a lingua dos usos formais é o castelán e a dos usos informais é o galego).

No referente á literatura en galego do século XIX, diferenciamos tres etapas:

- Prerrexurdimento: neste momento destacan Xoán Manuel Pintos coa obra poética *A gaita gallega* e Francisco Añón coa composición “A Galicia”.
- Rexurdimento: as tres figuras salientables escribiron poesía e son:
  - o Rosalía de Castro coas obras *Cantares gallegos* (1863) e *Follas novas* (1880).
  - o Manuel Curros Enríquez con *Aires da miña terra* (1880).
  - o Eduardo Pondal con *Queixumes dos pinos* (1886).
- Literatura finisecular: a finais de século os autores máis destacados son:
  - o Lamas Carvajal coa obra en prosa *O catecismo do labrego*.

- López Ferreiro coa obra tamén en prosa *O castelo de Pambre*.
- Noriega Varela co poemario *Montañasas*.

Durante este século tamén se desenvolveron varios proxectos culturais como:

- Nacemento da prensa periódica publicada integramente en galego, destacan os seguintes xornais: *O Tío Marcos da Portela*, fundado en Ourense por Lamas Carvajal no 1876; *A Monteira*, fundado en Lugo no 1889.
- Fundación da editorial galega Biblioteca Gallega en 1885, difusora de libros na nosa lingua.

➤ **Responde as seguintes cuestións sobre a historia da lingua galega do século XIX no teu caderno. Son importantes para o exame!**

- a) Que movemento cultural vai ter influencia no pensamento galego do século XIX? Que defendía o dito movemento?**
- b) Por que a Guerra da Independencia ten relevancia no emprego do galego a comezos de século?**
- c) En que movementos ten a súa orixe o galeguismo? Que obxectivos perseguía?**
- d) A que deu lugar a preocupación polo estudo da nosa lingua neste momento?**
- e) Indica cales son as causas de que, independentemente de todos os avances do galego no eido cultural, o castelán siga penetrando na sociedade galega.**
- f) Cita os proxectos culturais que se desenvolveron ao longo do século.**

**IMPORTANTE:** a parte que corresponde ás diferentes etapas literarias do Rexurdimento vai entrar como preguntas tipo test no exame.